

# AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES



**Edita:** Concello de Fene (A Coruña) - Concellaría de Benestar Social e Igualdade - 2016

**Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade:** M<sup>a</sup> Carmen Martínez Rodríguez

**Redacción e Elaboración:** SENES Desenvolvemento Comunitario

**Dirección, Coordinación e Desenvolvemento:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade do Centro Municipal de Servizos Sociais

### **Agradecementos:**

- Grupos Políticos Municipais: BNG, EU, PP, PSOE, PDDdG Somos Fene.
- Responsables técnicos municipais das Delegacións de Benestar Social e Igualdade, Cultura e Deportes, Formación e Emprego Pancho Allegue e Participación e Información Cidadán.
- Radio Fusión - Radio Fene.
- Biblioteca Municipal Xosé María Pérez Parallé.
- Museo do Humor.
- Policía Local.
- Entidades colaboradoras: AV de Sillobre, AV de Perlió, CPS de San Valentín, AV Santa Eulalia de Limodre, Asociación Por + Vida, Club de Actividades Subacuáticas Nautilus, ASPANEPS-Fene, SC Airiños de Fene e ANPA CEIP Centieiras.
- Centros escolares: CEIP Centieiras, CEIP Os Casais, CEIP O Ramo, IES de Fene e CPR Jorge Juan.
- Escola Infantil Galiña Azul de Perlió, Rede Galega de Escolas Infantís 0-3 anos.
- Responsable Técnica da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014 - 2015 do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

**Agradecer a todas aquelas persoas que fixeron posible levar a cabo a avaliación do II PIOMH, grazas á súa participación, ás súas achegas e ao seu firme compromiso coa igualdade de xénero no Concello de Fene.**

# Índice

03	PRESENTACIÓN
05	AVALIACIÓN DOS RESULTADOS
07	Obxectivos
08	Fases
09	Descrición
12	Metodoloxía
14	Resultados
157	CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS
159	Valoración xeral
160	Dificultades e facilidades
161	Recomendacións
163	BIBLIOGRAFÍA



O Concello de Fene, mantén un compromiso coas medidas de acción positiva cuxo obxectivo é modificar as actuacións discriminatorias e facer presión para a eliminación dos obstáculos que impiden a participación das mulleres en igualdade de condicións que os homes en calquera ámbito da vida.

Como proba deste compromiso o 5 de novembro de 2009 aprobouse no Pleno do Concello de Fene, o II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do concello para os anos 2010 a 2013. Este plan recollía, ademais da experiencia do I PIOMH, un conxunto de accións que aspiraban a impregnar do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e do principio da transversalidade, a política municipal e a convivencia cidadá.

Tras finalizar o proceso de implementación do II PIOMH, a etapa de avaliación resulta un proceso fundamental para determinar o grao de cumprimento do mesmo e o alcance ou impacto de xénero que tiveron as accións executadas. Para elo, contouse coa colaboración de SENES Desenvolvemento Comunitario, unha consultora especializada que realizou unha avaliación externa dos resultados do programado.

Os logros deste II PIOMH son froito da suma dun claro reflexo da vontade política de seguir consolidando recursos dirixidos a promover o principio de Igualdade entre mulleres e homes, tanto na política municipal, como na convivencia cidadá; do tesón mantido día a día polo persoal do Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade do Centro Municipal de Servizos Sociais, que fixo posible a posta en marcha destas actuacións; así como as accións que realizaron o resto das áreas e servizos municipais co obxectivo de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no municipio e convertela en eixo transversal de todo o Concello.

A continuación resúmense neste informe as principais achegas, programas e actuacións que se puxeron en marcha no tempo transcurrido desde xaneiro de 2010 a xuño de 2016, enmarcadas en cada unha das 6 Áreas Temáticas nas que se estruturou o Plan de Acción do II Plan Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Fene:

**Área 1:** Integración da perspectiva de xénero nas políticas públicas e na Administración Municipal.

**Área 2:** Igualdade na vida económica: emprego, formación e conciliación.

**Área 3:** Educación, sensibilización e corresponsabilidade.

**Área 4:** Empoderamento, participación política e social, cultura, lecer e deporte.

**Área 5:** Saúde, sexualidade, calidade de vida, atención á diversidade e inclusión social.

**Área 6:** Loita contra a violencia de xénero.



Tendo en conta que a avaliación dun PIOMH debería ir máis aló do proceso de recollida e exposición de datos, no presente documento relaciónanse os obxectivos a acadar coa avaliación do II PIOMH, a metodoloxía e as fases desenvoltas para a súa elaboración, os resultados acadados, tanto globais, como por áreas, e os extraídos das enquisas realizadas a persoal técnico e político municipal e a informantes clave; emitíndose ademais, un ditame técnico sobre o avaliado, formulando conclusións e expoñendo os principais obstáculos e facilitadores resultado do período de vixencia do II PIOMH, así como, a achega dunha serie de recomendacións cara á elaboración do III PIOMH do Concello de Fene.

# AVALIACIÓN DOS RESULTADOS DO II PIOMH

01	OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN DO II PIOMH	páx.07
02	FASES	páx.08
03	DESCRICIÓN DO II PIOMH	páx.09
04	METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN	páx.12
05	RESULTADOS DA AVALIACIÓN	páx.14
05.01	Análise Global	páx.14
05.02	Análise por áreas	páx.17
05.03	Enquisas	páx.123









### OBXECTIVO XERAL

Realizar o estudo de avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Fene e elaborar un documento de recollida e exposición de resultados, de conclusións e recomendacións a ter en conta na elaboración do III PIOMH.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Obter resultados do grao de cumprimento das accións positivas.
- Coñecer a opinión en materia de igualdade de oportunidades dunha mostra de poboación.
- Obter información e opinións das persoas responsables políticas da Concellaría.
- Obter resultados sobre o traballo técnico do conxunto da Administración.
- Obter datos, opinións e valoracións do persoal técnico de referencia na Área de Igualdade.
- Favorecer espazos de reflexión para recoller as opinións das asociacións.
- Coñecer opinións de técnicas e técnicos doutros recursos promotores de igualdade.
- Coñecer obstáculos existentes e as necesidades a ter en conta á hora de elaborar o seguinte plan de igualdade.



### FASE 1: PLANIFICACIÓN

- Constitución do comité técnico
- Definición do traballo co persoal técnico para facilitar a recollida de información
- Elaboración e consenso do calendario de traballo
- Elaboración e consenso dos instrumentos de recollida

### FASE 2: ELABORACIÓN

- Definición de indicadores
- Recollida de datos e análises dos mesmos
- Análise de memorias de actividade
- Realización da enquisa poboacional.
- Realización de enquisas de satisfacción a informantes clave.
- Realización de enquisas a persoal técnico e político.
- Entrevistas en profundidade a persoal técnico de referencia en materia de Igualdade.
- Matriz DAFO.
- Elaboración do informe final.



O II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Fene configúrouse como a principal ferramenta estratéxica para o desenvolvemento da política municipal en materia de igualdade de oportunidades. Dito Plan recolleuse nun documento escrito, aprobado en Pleno o 5 de novembro de 2009 cunha vixencia de tres anos e prorrogado ata a actualidade.

Organizouse en 2 apartados cun total de 18 capítulos e 18 subcapítulos:

### **INFORME DE DIAGNOSE PARA O II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DE FENE.**

1. Introducción.
2. Metodoloxía.
3. Análise cuantitativa de variables sociodemográficas.

- Índice xeral
- Introducción
- Demografía
- Mercado de traballo e situación económica
- Educación
- Infraestruturas, servizos e equipamentos
- Saúde, benestar social, inclusión social e diversidade

4. Análise de entrevistas en profundidade.

- Mesa temática 1
- Mesa temática 2
- Mesa temática 3
- Mesa temática 4
- Mesa temática 5



### II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES 2010 - 2013

1. Presentación.
2. Introducción.
3. Antecedentes.
4. Marco legal vixente en materia de Igualdade.
5. Elaboración do Plan de Igualdade: fases e metodoloxía.
6. Características, fundamentación e vixencia do Plan.
7. Institucións, entidades e persoas participantes.
8. A estrutura do Plan.
9. Plan de acción.
  - **Área 1:** Integración da perspectiva de xénero nas políticas públicas e na Administración Municipal.
  - **Área 2:** Igualdade na vida económica: emprego, formación e conciliación.
  - **Área 3:** Educación, sensibilización e corresponsabilidade.
  - **Área 4:** Empoderamento, participación política e social, cultura, lecer e deporte.
  - **Área 5:** Saúde, sexualidade, calidade de vida, atención á diversidade e inclusión social.
  - **Área 6:** Loita contra a violencia de xénero.
10. Temporalización.
11. Sistema de seguimento e avaliación.
12. Difusión e comunicación do plan.
13. Bibliografía.
14. Anexo documental.

O II PIOMH do Concello de Fene tivo asignado un obxectivo xeral e seis obxectivos específicos, que estruturaron o documento.



O plan de acción configúrase en **seis áreas temáticas**:

**ÁREA 1:** INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS POLÍTICAS PÚBLICAS E NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

**ÁREA 2:** IGUALDADE NA VIDA ECONÓMICA: EMPREGO, FORMACIÓN E CONCILIACIÓN.

**ÁREA 3:** EDUCACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CORRESPONSABILIDADE.

**ÁREA 4:** EMPODERAMENTO, PARTICIPACIÓN POLÍTICA E SOCIAL, CULTURA, LECER E DEPORTE.

**ÁREA 5:** SAÚDE, SEXUALIDADE, CALIDADE DE VIDA, ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN SOCIAL.

**ÁREA 6:** LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Cada unha destas áreas de actuación tivo asignado un obxectivo de carácter xeral e varios obxectivos específicos que contemplaban distintas accións a realizar para acadalos.

O II PIOMH do Concello de Fene desenvolveu as **6 áreas temáticas** por medio de **6 obxectivos xerais** e **34 obxectivos específicos** concretados en **141 accións**.

Na posta en marcha das accións, contouse coa participación ou implicación dos seguintes organismos e entidades:

- Diferentes áreas do Concello especialmente SMAM, Servizos Sociais, Deporte, Educación, Cultura, Formación e Emprego, Desenvolvemento Económico, etc.
- Equipos directivos e departamentos de Orientación dos centros educativos do concello.
- Biblioteca Municipal.
- Casa da Cultura e Museo do Humor.
- Radio Fene.
- Representantes políticos.
- Centros de saúde de Fene e Maniños.
- Equipo directivo das Galiñas Azuis.
- Xulgado de Paz.
- Forzas de Seguridade.
- Persoas representantes das ANPAS dos centros educativos.
- Asociacións e clubs do Concello de Fene.



Para a realización da avaliación do II Plan de Igualdade Municipal contouse coa asistencia técnica en materia de xénero e igualdade dunha empresa externa, responsable da redacción do informe avaliativo. Polo tanto, o equipo de traballo estivo conformado por persoal responsable técnico do Concello de Fene e persoal responsable técnico da consultora externa, SENES Desenvolvemento Comunitario.

Deste xeito, levouse a cabo unha **avaliación interna de carácter continuo** liderada pola psicóloga do concello e os departamentos municipais implicados; e unha **avaliación externa de tipo sumativa ou final** realizada por un equipo experto na materia.

As **ferramentas avaliativas** empregadas foron: cadros de recollida de datos sobre as medidas implementadas dende cada área ou departamento municipal, fichas das accións desenvolvidas, informes de actividade, memorias de actividade e memorias técnicas anuais.

Asemade, as **fontes de verificación** utilizadas foron: contactos co persoal técnico, revisión de documentación e entrevistas con distintas persoas implicadas.

A avaliación realizada pretende dar resposta ás seguintes cuestións:

- Grao de execución e resultados do II PIOMH.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Idoneidade das actuacións e dos recursos previstos para acadar os obxectivos.
- Eficacia dos mecanismos de difusión, coordinación e organización interna.
- Grao de satisfacción e pertinencia do Plan.
- Outros resultados non previstos, así como as variables que interveñen neles.

Segundo o xeito de recompilación, xerouse información cuantitativa e cualitativa:

**A. CUANTITATIVOS:** Obtivéronse datos numéricos de actuacións iniciadas e non iniciadas, actuacións sen finalizar, participación, satisfacción; estes datos se reflicten graficamente a continuación.

**B. CUALITATIVOS:** As bases da avaliación cualitativa foron as opinións e valoracións que a respecto do Plan, do seu desenvolvemento, cumprimento e impacto, aportaron as distintas persoas entrevistadas e a interpretación dos datos.



A recollida de información realizouse a través de:

- entrevistas cos diferentes axentes implicados,
- enquisa ao persoal técnico e político municipal,
- enquisa a informantes clave, isto é, axentes sociais municipais clave: asociacións (culturais, de veciños, de mulleres, ANPAS, etc.), persoal da área sanitaria do concello (centros de saúde), forzas e corpos de seguridade, equipos directivos dos centros educativos, clubs deportivos, etc.
- enquisa á poboación en xeral,
- recompilación de informes de actividade,
- produtos xerados,
- datos de opinións,
- datos de participación,
- estudos,
- memorias dos servizos e departamentos implicados,
- bases de datos,
- datos económicos de inversión e
- estatísticas.

O primeiro paso consistiu en contabilizar todas as medidas de acción desenvolvidas en cada unha das seis áreas temáticas operativas do plan. Á vez o equipo técnico de avaliación activou as enquisas, fixo seguimento da participación e realizou entrevistas individuais ao persoal técnico e profesional que participou no proceso de execución da diversas accións do PIOMH.



Na seguinte táboa se resume o número de **ACCIÓNS DESENVOLTAS** efectivamente por cada área temática de intervención proposta:

ÁREAS TEMÁTICAS	OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PROPOSTAS	ACCIÓNS DESENVOLTAS	% ACCIÓNS DESENVOLTAS
<b>ÁREA 1:</b> INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS POLÍTICAS PÚBLICAS E NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.	1	8	31	7	22,58%
<b>ÁREA 2:</b> IGUALDADE NA VIDA ECONÓMICA: EMPREGO, FORMACIÓN E CONCILIACIÓN.	1	4	15	3	20%
<b>ÁREA 3:</b> EDUCACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CORRESPONSABILIDADE.	1	5	21	6	28,57%
<b>ÁREA 4:</b> EMPODERAMENTO, PARTICIPACIÓN POLÍTICA E SOCIAL, CULTURA, LECER E DEPORTE.	1	6	28	2	7,14%
<b>ÁREA 5:</b> SAÚDE, SEXUALIDADE, CALIDADE DE VIDA, ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN SOCIAL.	1	5	24	8	33,34%
<b>ÁREA 6:</b> LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.	1	6	22	9	40,91%
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>	<b>34</b>	<b>141</b>	<b>35</b>	<b>24,82%</b>


No seguinte gráfico, reflíctese a comparativa onde se constata a intensidade dalgunhas accións nunhas áreas temáticas, áreas onde se fixo un esforzo importante, mentres noutras, propuxéronse poucas accións e, polo tanto, non se achegaron aos obxectivos.






### ACCIÓNS II PIOMH

■ ACCIÓNS PROPOSTAS ■ ACCIÓNS REALIZADAS



### GRAO DE EXECUCIÓN DO II PIOMH POR ÁREAS






A distribución porcentual das actuacións realizadas é a seguinte:

#### DISTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS POR ÁREAS

■ ÁREA 1 ■ ÁREA 2 ■ ÁREA 3 ■ ÁREA 4 ■ ÁREA 5 ■ ÁREA 6



Se facemos a análise por porcentaxe observamos que a Área 6 de LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO representa un 26% ao concentrar unha importante carga de accións realizadas en canto a accións de sensibilización, prevención e loita contra as violencias de xénero.

As Áreas 5 e 6 de SAÚDE, SEXUALIDADE, CALIDADE DE VIDA, ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN SOCIAL e LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, concentra o 23% e o 26% das accións respectivamente. Se analizamos cualitativamente este dato, comprobamos o importante investimento tanto en actividades culturais como deportivas, educativas e de saúde e de sensibilización, prevención e loita contra as violencias de xénero.



## ÁREA 01: INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS POLÍTICAS PÚBLICAS E NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

### OBXECTIVO XERAL

PROMOVER A INTEGRACIÓN GRADUAL DA PERSPECTIVA DE XÉNERO, OU MAINSTREAMING DE XÉNERO, NO CONCELLO: NA SÚA ORGANIZACIÓN XERAL, NAS SÚAS ESTRUTURAS E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS E EN TODAS AS POLÍTICAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

COÑECER EN PROFUNDIDADE A SITUACIÓN DO CONCELLO DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO.

- **Acción 1.1.** Realizar unha diagnose en profundidade sobre a situación do mainstreaming de xénero na administración municipal.  
(Non constan accións)

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

INCREMENTAR O COÑECEMENTO SOBRE A IGUALDADE DE XÉNERO EN FENE E A SÚA COMARCA.

- **Acción 2.1.** Promover desde o Concello de Fene a creación dun órgano comarcal específico de investigación e observación de xénero.  
(Non constan accións)
- **Acción 2.2.** Crear un premio anual, por parte deste órgano comarcal, ao mellor traballo de investigación de ámbito comarcal sobre a igualdade de xénero.  
(Non constan accións)
- **Acción 2.3.** Incorporación da variable sexo e doutras variables vinculadas ao xénero e análise de xénero en todas as estatísticas, enquisas, bases de datos e estudos do concello.  
(Non constan accións)
- **Acción 2.4.** Realizar un estudo cuantitativo completo sobre a situación da muller en Fene.  
(Non constan accións)



### OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

VISIBILIZAR E DIFUNDIR SOCIALMENTE O COMPROMISO POLÍTICO DO CONCELLO DE FENE COA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- **Acción 3.1.** Realizar e difundir unha declaración municipal na que se recolla o compromiso político ao máis alto nivel institucional (Alcaldía e Corporación Municipal) do Concello de Fene coa igualdade de oportunidades en xeral e co pleno desenvolvemento do II Plan de igualdade de oportunidades en particular. Esta acción debe levarse a cabo en coordinación coas accións contempladas para a difusión e comunicación do II Plan de igualdade.

(Non constan accións)

- **Acción 3.2.** Procurar que no futuro outras entidades e organizacións de Fene se sumen á declaración institucional pola igualdade asumindo os seus propios compromisos.

(Non constan accións)

- **Acción 3.3.** Elaborar un protocolo de actuación co obxectivo de desenvolver desde o concello unha comunicación non estereotipada na súa proxección externa a nivel social e interinstitucional.

(Non constan accións)

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 4

DESEÑAR UNHA ESTRATEXIA DE INTRODUCIÓN GRADUAL DO MAINSTREAMING DE XÉNERO NO CONCELLO.

- **Acción 4.1.** Constituír unha comisión interdepartamental que impulse o desenvolvemento das accións recollidas nesta área e que faga un seguimento do seu cumprimento.

(Non constan accións)

- **Acción 4.2.** Definir unha estratexia de introdución do mainstreaming de xénero na institución municipal que identifique os cambios necesarios na súa organización, estrutura, procedementos administrativos e contidos, e os prazos e temporalización para levala a cabo.

(Non constan accións)

- **Acción 4.3.** Desenvolver un programa piloto de cambio organizativo en clave de xénero (CopEQ) nun departamento municipal.

(Non constan accións)



## OBXECTIVO ESPECÍFICO 5

REDEFINIR OS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS CO OBXECTIVO DE READAPTALOS Á PERSPECTIVA DE XÉNERO.

- **Acción 5.1.** Utilizar unha linguaxe non sexista en todos os documentos administrativos.

A sección Concello Dixital da web municipal <http://www.fenecidadan.gal/> está dedicada á xestión administrativa do Concello e dende a que se pode acceder, para a súa consulta ou descarga, á sede electrónica municipal, á normativa municipal; actas e acordos dos diferentes órganos de goberno; convocatorias de interese xeral promovidas polo Concello ou outras administracións; concursos e licitacións desde o perfil do contratante, etc.

Inclúe, ademais, un sistema de avisos para notificacións informativas breves de carácter puntual sobre actos da axenda (convocatoria de eventos, etc.), convocatorias e concursos (avisos de alarma sobre remates de prazo, etc.) e de carácter xeral sobre problemas de mobilidade por causa de obras, alertas de protección civil ou requirimentos da seguranza cidadá.

Un catálogo de xestións onde se recolle información sobre as principais xestións e trámites, tanto municipais como non municipais, de interese para a cidadanía (certificacións de empadramento, trámites para expedición e/ou renovación do DNI, etc.) ordenados atendendo aos diferentes servizos municipais.

Así mesmo, pódese atopar aquí, na sección de outras webs de interese, todo o necesario para realizar on-line trámites vencellados xa non coa administración local, senón coas administracións autonómica e estatal (solicitar a tarxeta sanitaria, pedir un informe de vida laboral, etc.)

Nunha revisión pormenoriza dos diferentes documentos administrativos do Concello de Fene aos que se accede dende dita sección, pódese comprobar que a ampla maioría da documentación administrativa datada a partir do 2010 utiliza unha linguaxe non sexista.

- **Acción 5.2.** Impulsar o asesoramento lingüístico de xénero no Servizo de Normalización Lingüística municipal.

(Non constan accións)

- **Acción 5.3.** Revisar e analizar todos os procedementos administrativos municipais e redefínilos tendo en conta a perspectiva de xénero.

(Non constan accións)



- **Acción 5.4.** Establecer mecanismos de participación das mulleres de Fene no deseño, implementación e avaliación de todas as políticas públicas municipais.

(Non constan accións)

- **Acción 5.5.** Desenvolver unha intervención piloto nun departamento municipal que incorpore a perspectiva de xénero no proceso de deseño, implementación e avaliación das súas políticas públicas sectoriais:

- análise previa do impacto de xénero de disposicións normativas e intervencións (plans, programas, proxectos) no ámbito das competencias do departamento que protagonice a experiencia piloto (emprego, promoción económica, urbanismo, servizos sociais, cultura, etc.)

- deseño, implementación e avaliación das políticas públicas do departamento integrando a perspectiva de xénero.

- facilitar a participación das mulleres de Fene no deseño, implementación e avaliación das políticas públicas do departamento seleccionado.

(Non constan accións)

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 6

DESEÑAR E IMPLEMENTAR UN PROGRAMA XERAL FORMATIVO E DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE PARA TODO O PERSOAL DO CONCELLO E PARA A CORPORACIÓN MUNICIPAL.

- **Acción 6.1.** Programa estable de cursos de formación do persoal: formación básica xeral para o conxunto do equipo e formación especializada que aborde a igualdade en diferentes ámbitos (educación, saúde, emprego, deporte, benestar social, violencia de xénero, etc.) para profesionais e persoal técnico dos distintos departamentos con necesidades específicas no tratamento e incorporación da igualdade de oportunidades.

Aínda que non se desenvolveron actividades específicas nesta acción, cabe destacar que dende o concello facilitouse sempre a formación do persoal técnico en materia de xénero e igualdade.



- **Acción 6.2.** Programa estable de cursos de formación da corporación municipal: formación básica xeral para o conxunto da corporación e formación especializada que aborde a igualdade en diferentes ámbitos (educación, saúde, emprego, deporte, benestar social, violencia de xénero, etc.)

**ANO 2010**

**ACTIVIDADE:** CURSO DE CAPACITACIÓN EN IGUALDADE PARA O PERSOAL POLÍTICO


Proposto co obxectivo de promover unha visión de xénero nas distintas políticas públicas do concello cara a converter a problemática da igualdade nunha prioridade presente na axenda pública municipal.



**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**DATAS:** 14 e 15 de xullo de 2010

**PARTICIPANTES:**





- **Acción 6.3.** Programa estable de formación avanzada para niveis e profesionais que teñen que afrontar procesos específicos de integración da perspectiva de xénero nas estruturas administrativas e nas políticas públicas municipais (estadísticas de xénero, ferramentas de intervención de xénero nas políticas públicas etc.)

**ANO 2010**

**ACTIVIDADE:** FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE



Asistencia á XII Xornada de Igualdade do Concello de Mugardos, enmarcada dentro da formación continua para capacitación e mellora do desenvolvemento das funcións da técnica municipal responsable de igualdade.

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**DATAS:** 4 e 5 de xuño de 2010

**PARTICIPANTES:** TOTAL: 1 MULLER.

**ANO 2011**

**ACTIVIDADE:** FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE



Asistencia ás IV Xornadas sobre a Violencia de Xénero: “Intervir é Previr” do Concello de Ares, enmarcada dentro da formación continua para capacitación e mellora do desenvolvemento das funcións da técnica municipal responsable de igualdade.

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**DATAS:** 2 e 3 de xuño de 2012

**PARTICIPANTES:** TOTAL: 1 MULLER.





### ANO 2013

**ACTIVIDADE:** FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE

Asistencia ás **VI Xornadas sobre a Violencia de Xénero: "Non é un segredo, é un delito"** do Concello de Ares, enmarcada dentro da formación continua para capacitación e mellora do desenvolvemento das funcións da técnica municipal responsable de igualdade.

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**DATAS:** 9 de maio de 2013

**PARTICIPANTES:** TOTAL: 1 MULLER.

### ANO 2014

**ACTIVIDADE:** FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE

A formación continua para capacitación e mellora do desenvolvemento das funcións da técnica municipal responsable de igualdade durante o ano 2014 foi a seguinte:

- Asistencia ás **VI Xornadas sobre a Violencia de Xénero: "Educar no Presente, Previr para o Futuro"** do Concello de Ares. DATA: 8 de maio de 2014.
- Asistencia á **invitación ao Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero en Santiago de Compostela**. DATA: 7 de setembro de 2014.
- Asistencia ao **Seminario: Sensibilización e Intervención en Abuso Sexual Infantil** en Santiago de Compostela. DATA: 3 de outubro de 2014.
- Asistencia ás **Xornada sobre o Módulo de Maltrato Infantil de SIUSS** en Santiago de Compostela. DATA: 14 de outubro de 2014.

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**PARTICIPANTES:** TOTAL: 1 MULLER.



ANO 2016

**ACTIVIDADE:** FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE

A formación continua para capacitación e mellora do desenvolvemento das funcións da técnica municipal responsable de igualdade durante o ano 2016 foi a seguinte:

- Asistencia á **Xornada Técnica: Intervención con Menores Víctimas de Violencia de Xénero** en Santiago de Compostela. DATA: 8 de xuño de 2016.
- Autorización para asistir ao **X Congreso Mundial de Bioética: Las violencias contra las mujeres: aspectos socio-estructurales y legales** en Xixón. DATA: 17, 18 e 19 de outubro de 2016.

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**PARTICIPANTES:** TOTAL: 1 MULLER.

- **Acción 6.4.** Deseño dun curso específico para o persoal de recente ingreso na administración municipal que inclúa contidos relativos ao conxunto da política municipal de igualdade (Plan de igualdade, estratexia de mainstreaming, programas e intervencións en desenvolvemento, recursos, estruturas e persoal de igualdade, etc.)

(Non constan accións)

- **Acción 6.5.** Elaboración dunha guía metodolóxica adaptada á realidade da estrutura municipal que sirva de apoio ao persoal técnico-profesional que ten que afrontar procesos específicos de integración da perspectiva de xénero no seu departamento e nas súas políticas públicas.

(Non constan accións)

- **Acción 6.6.** Campaña de promoción de exercicios de dereitos de conciliación entre o persoal do Concello.

(Non constan accións)

- **Acción 6.7.** Campaña de sensibilización en igualdade entre mulleres e homes orientada ao persoal do concello e á corporación municipal.

(Non constan accións)



**OBXECTIVO ESPECÍFICO 7**

CREAR UNHA ESTRUCTURA DE IGUALDADE NO CONCELLO DOTADA DE PERSOAL, RECURSOS E COMPETENCIAS.

- **Acción 7.1.** Contratación estable dunha técnica de igualdade.  
 (Non constan accións)
- **Acción 7.2.** Dotar dunha partida específica, recollida nos orzamentos municipais, destinada á execución anual das intervencións recollidas no II Plan de igualdade, sen prexuízo de que os distintos departamentos acheguen recursos económicos para as accións en materia de igualdade.

**TOTAL GASTO POR EJERCICIO NO EIDO DA IGUALDADE E DA PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

ANO	INVERSIÓN
2010	62.185,20€
2011	66.812,02€
2012	52.094,84€
2013	28.511,29€
2014	46.567,92€
2015	37.000€

- **Acción 7.3.** Consolidar de maneira estable os Servizos de Atención á Muller e o Punto de Información á Muller.

**SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN Á MULLER**

O Concello de Fene subscribe convenio coa FEMP e o IMSERSO no mes de agosto de 2005 para poder ofrecer o Servizo de Teleasistencia Móbil a Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero (TAM-VG), de xeito totalmente gratuito.

Comezan a atenderse mulleres que solicitan o Servizo de Teleasistencia Móbil ou que veñen demandando axuda ante situacións de violencia de xénero, tanto física como psicolóxica. Tamén mulleres que, polas súas circunstancias, veñen buscando apoio psicolóxico, asesoramento xurídico ante situacións familiares, persoais, etc.



Ante esta circunstancia, se decide crear o **SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN Á MULLER**, que non é un Centro de Información ás Mulleres pero que desenvolve moitas das funcións propias del. O obxecto da creación deste Servizo non é outro que o de dar forma e estrutura ao traballo coas mulleres que xa viña realizando o persoal de Servizos Sociais dende hai anos.

E é así como se crea oficialmente no mes de marzo de 2006 este novo Servizo Municipal de Atención á Muller (SMAM)


A persoa responsábel do Servizo Municipal de Atención da Muller é a Psicóloga de Servizos Sociais. Atende as demandas sen cita previa, dando prioridade aos casos de violencia de xénero. Dependendo da situación ou problemática presentada, é quen fai a derivación ao resto do persoal que conforma o Servizo, a outros recursos non municipais da zona ou xestiona e aplica directamente o recurso máis axeitado.

Ademais do descrito anteriormente, ofrécese á muller acompañamento para interpoñer denuncia contra o agresor, tanto á Garda Civil, Policía Local ou Nacional, tamén se acompaña, xunto coa avogada, ao xuízo se así o require a muller. Este feito soe ser moi valorado polas mulleres, que acoden maioritariamente soas e sen apoio familiar ou persoal.

A continuación expóñense os datos anuais de atención do SMAM, estes datos reflicten unicamente as mulleres atendidas por problemática relacionada con violencia de xénero, separación, crise, etc. non están contabilizadas as atendidas por outro tipo de demanda:

### SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN Á MULLER

■ MULLERES



### SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO

Servizo iniciado en setembro de 1999. Consiste nun servizo de información e asesoramento sobre asuntos relacionados con dereito de familia, menores, violencia machista, malos tratos, separacións, divorcios, discapacidades, etc. atendido por unha avogada.


O servizo de asesoramento xurídico xurde a partir da demanda que presentan as familias nos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Fene. Hoxe en día, tanto as traballadoras sociais de base como a psicóloga responsable do Servizo Municipal de Atención á Muller, tras entrevista personalizada e valoración, derivan ás familias á asesoría coa avogada.

Para o estudo e seguimento de cada situación realízanse reunións de coordinación nas que tamén a avogada fai unha labor de asesoramento ao equipo técnico dos Servizos Sociais. Deste xeito, esta profesional está integrada no equipo multiprofesional permitindo un abordaxe interdisciplinario cando as situacións problema o requiren.

No seu comezo este servizo destinouse exclusivamente ás mulleres do termo municipal de Fene. Posteriormente, observando a súa evolución, abriuse a algunha demanda presentada por homes, pois déronse casos nos que ambos proxenitores dunha mesma unidade familiar demandaron asesoramento xurídico respecto a problemáticas familiares. Esta apertura permitiu facer unha labor de mediación nalgunha situación de conflictividade familiar. Non obstante, este servizo é requirido e orientado fundamentalmente ás mulleres.

Dende o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de agosto de 2016, o SMAM atendeu un total de 231 mulleres. A continuación reflíctense graficamente os datos de atención anuais:

**MULLERES ATENDIDAS POLO SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO DO SMAM**



\*Os datos de 2016 abranguen ata o 31 de agosto.



## O SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA AS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

O Servizo de Teleasistencia Móbil, para as Víctimas da Violencia de Xénero (TAM-VG) é unha modalidade de servizo que, coa tecnoloxía axeitada, ofrece ás vítimas da violencia de xénero que contén con orde de protección e ou de afastamento, unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que lles podan sobreír, as 24 horas do día, os 365 días do ano e sexa cal sexa o lugar no que se atopen.

O Servizo basease na utilización de tecnoloxías de comunicación telefónica móbil (GSM) e de telelocalización (GPS). Debe permitir que as mulleres en risco de sufrir violencia de xénero poidan entrar en contacto, ante situacións de emerxencia, cun Centro atendido por persoal especificamente preparado, para dar unha resposta axeitada á crise, ben por se mesmos/as ou mobilizando outros recursos humanos e materiais, propios da usuaria ou existentes na comunidade. O contacto co Centro de Atención pode establecerse en todo momento e dende calquera lugar, tan só premendo un botón e na modalidade de "mans libres".


O Servizo non debe limitarse a atender as demandas que ocasionalmente podan suscitar as vítimas da violencia de xénero usuarias do mesmo, senón que tamén ha de contemplar actuacións programadas de carácter preventivo. Por elo, desde o Centro de Atención poderá contactarse periodicamente coas usuarias do servizo, con autorización destas, a fin de facer un seguimento permanente, manter actualizados os seus datos persoais e sociais, comprobar o adecuado funcionamento do sistema e intervir, se as circunstancias o aconsellan. Igualmente, as usuarias poderán comunicarse co Centro de Atención, cando o crean necesario e no só en situacións de crise.

As persoas que cumpran os requisitos de acceso poderán solicitar a incorporación ao servizo de Teleasistencia Móbil, no SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN Á MULLER dos Servizos Sociais Municipais.

Dende o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de agosto de 2016, o Servizo de Teleasistencia Móbil atendeu un total de 30 mulleres.

Na páxina seguinte reflíctense graficamente os datos de atención anuais.

MULLERES USUARIAS DO SERVIZO DE  
TELEASISTENCIA MÓVIL XESTIONADO POLO SMAM



\*Os datos de 2016 abranguen ata o 31 de agosto.

- **Acción 7.4.** Constitución dunha Unidade Municipal de Igualdade de Xénero integrada pola técnica de igualdade, unha técnica do departamento municipal de Servizos Sociais, e as persoas responsables do Servizo de Atención á Muller e o Punto de Información á Muller.

(Non constan accións)

- **Acción 7.5.** Provisión de asistencias técnicas especializadas para a implantación da transversalidade de xénero cando se considere necesaria e tendo en conta os recursos municipais para a política de igualdade.

(Non constan accións)

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 8

INCLUIR PROGRESIVAMENTE A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA POLÍTICA DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO.

- **Acción 8.1.** Puntuar nos procesos de acceso e promoción interna a formación en igualdade.

(Non constan accións)

- **Acción 8.2.** Inclusión nos procesos de selección e nas probas de ingreso de contidos sobre igualdade de xénero e mainstreaming.

O Concello de Fene esixe formación en xénero e igualdade a todas as empresas que levan a cabo actividades no Concello.

- **Acción 8.3.** Analizar con anterioridade á súa publicación, nas ofertas de emprego público municipal, se os requisitos esixidos ás persoas aspirantes determinan un prexuízo para as mulleres e, no caso de ser así, realizar as valoracións técnicas a cargo de persoal especializado das prazas, coa finalidade de comprobar se eses requisitos son absolutamente necesarios para o desenvolvemento das funcións. Se non o fosen, serán eliminados da oferta pública de emprego.

(Non constan accións)



## ÁREA 02: IGUALDADE NA VIDA ECONÓMICA: EMPREGO, FORMACIÓN E CONCILIACIÓN

### OBXECTIVO XERAL

CONTRIBUÍR A UNHA MAIOR IGUALDADE ENTRE AS MULLERES E OS HOMES DE FENE NA VIDA ECONÓMICA PROMOVENDO A DIMINUCCIÓN DA PRECARIIDADE, APOIANDO O EMPRENDAMENTO ECONÓMICO FEMININO E MELLORANDO AS CONDICIÓNS DA OFERTA FORMATIVA E DOS SERVIZOS PARA A CONCILIACIÓN.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

INCLUÍR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS PROCESOS DE ORIENTACIÓN LABORAL.

- **Acción 1.1.** Incluir nos temarios dos diferentes seminarios en materia de emprego contidos que fagan visible a participación de homes en ocupacións feminizadas e de mulleres en ocupacións masculinizadas.

(Non constan accións)

- **Acción 1.2.** Seminarios para a busca de emprego con perspectiva de xénero que potencien a autoestima, a asertividade e as habilidades persoais básicas no desenvolvemento profesional das mulleres en profesións masculinizadas.

(Non constan accións)

- **Acción 1.3.** Formación e sensibilización sobre perspectiva de xénero para o persoal técnico dos servizos municipais de emprego, promoción económica e formación.

(Non constan accións)

- **Acción 1.4.** Desenvolvemento dunha campaña que anime as mulleres a participar nos cursos de formación en actividades tradicionalmente masculinizadas.

(Non constan accións)





#### AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

A Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Fene forma parte dunha infraestrutura de servizos, asesoramento e apoio impulsada pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, co obxectivo de contribuír á implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial e xeración de emprego.

A través da AEDL municipal préstanse os seguintes servizos:

- Asesoramento e apoio para a creación de empresas.
- Acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira.
- Orientación no acceso aos mecanismos de axudas e aos apoios financeiros a persoas emprendedoras.
- Incentivos e axudas para favorecer a creación de emprego.
- Liñas de financiamento subvencionadas, apoios financeiros e orientación no acceso a créditos e mecanismos de axuda para persoas emprendedoras.
- Formación para persoas emprendedoras e empresas.
- Formación para persoas desempregadas.
- Xestión de ofertas de emprego.
- Programas de Cooperación.
- Participación en proxectos da Unión Europea: PRODER II. Asociación Costa Ártabra:
  - Deseño, montaxe e difusión do sendeiro circular.
  - Recuperación senda peonil monte de Marraxón.
  - Promoción do polígono industrial "Vilar do Colo".



## SERVIZO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL

O Servizo de Información e Orientación Laboral do Concello de Fene desenvolve as súas accións como Centro Colaborador do Servizo Galego de Colocación e ten como obxectivo o logro da inserción ou mellora laboral, segundo sexa o caso, das persoas usuarias.

Desde o Programa de Información Profesional trabállanse os seguintes aspectos:

- Información as persoas usuarias das actuacións que leva a cabo o Servizo Público de Emprego
- Tratamento das demandas de emprego
- Revisión, actualización e modificación de datos no Curriculum do Servizo Galego de Colocación
- Solicitude de cursos de Formación Ocupacional

### ACCÍONS QUE SE LEVAN A CABO DENDE O PROGRAMA DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL

As accións que se levan a cabo desde o Programa de Orientación Profesional teñen como finalidade establecer actuacións tendentes a adecuar os intereses e motivacións das e dos demandantes á situación actual do mercado de traballo e mellorar a súa ocupabilidade podendo quedar incluídas nos seguintes puntos:

- Análise do mercado de traballo
- Diagnose de empregabilidade
- Itinerarios de inserción laboral. Elaboración. Revisión
- Técnicas de busca de emprego
- Información formativa
- Información profesional
- Información sobre bolsas
- Convocatorias públicas de emprego
- Directorios de Empresas
- Asesoramento sobre anuncios de ofertas, ofertas concretas e autocandidatura



### CRITERIOS BASE POLOS QUE SE RIXE O SERVIZO

Os criterios que rexen o funcionamento do servizo son os seguintes:

- Mercado laboral na comarca e ocupacións que son máis requiridas.
- A dimensión de xénero nos procesos de inserción laboral.
- Motivar a persoa demandante de emprego para que se implique de forma activa no deseño e consecución do seu proxecto persoal.
- A necesidade dunha cualificación e especialización profesional.
- A importancia da formación para acceder a un posto de traballo, tanto a nivel de adquisición dunha profesión como de reciclaxe.
- A importancia das habilidades sociais no proceso de busca de emprego e posterior incorporación e mantemento do posto de traballo.

### ITINERARIOS PERSONALIZADOS DE INSERCIÓN LABORAL

A elaboración de Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral constitúe unha das accións de orientación laboral que se están a desenvolver coa persoa desempregada. Enténdese como tal o conxunto de actividades secuenciais que a persoa atendida debe percorrer. Desde o servizo trátase de facilitarlle os recursos necesarios para que xestione con autonomía o seu propio proceso de inserción sociolaboral.

### ACCESO AO SERVIZO

O Servizo atende ao colectivo de persoas desempregadas ou en mellora de emprego en xeral en canto a sexo, formación, experiencia profesional e demandantes ou non de primeiro emprego.

As vías que se están a seguir para que as e os demandantes coñezan e accedan ao servizo pódense concretar nos seguintes ámbitos:

- Servizo Público de Emprego, ou ben a través de axenda do Servizo Galego de Colocación ou ben a través de direccionamento da Oficina de Emprego
- Servizos Sociais do Concello de Fene
- Entidades de carácter social da comarca
- Entidades de carácter sanitario da comarca
- Centros de ensino
- Solicitudade expresa da persoa demandante de emprego



### TABOLEIROS INFORMATIVOS

O centro ten a disposición das persoas usuarias dous taboleiros informativos de consulta:

- Taboleiro de información formativa dirixida a demandantes de emprego, traballadoras e traballadores en activo e empresariado no que se recolle a oferta pública e privada.
- Taboleiro de información laboral no que se plasman artigos do ámbito laboral, ofertas de traballo, principalmente da comarca e empresas que solicitan autocandidaturas. Esta información actualízase semanalmente.


### PUNTO DE INFORMACIÓN DO SERVIZO GALEGO DE COLOCACIÓN

Desde o quiosco pódense realizar os seguintes servizos:

- Renovación da demanda de emprego mediante a impresión dixital
- Acceso as ofertas de emprego en difusión do Servizo Galego de Colocación
- Acceso a información sobre Formación Ocupacional: cursos, programación, etc.
- Acceso a páxinas web dos diferentes Servizos Públicos de Emprego nacionais e autonómicos.

Persoas atendidas polo Servizo de Orientación Laboral Municipal durante os anos de vixencia do II PIOMH:

#### DATOS DE ORIENTACIÓN LABORAL



\*Os datos de 2016 abranguen ata o 31 de agosto.




A continuación expóñense os datos referidos ao Concello de Fene de persoas atendidas dentro do II Plan Galego de Inclusión Social (2007 - 2013) e da actual Estratexia de Inclusión Social de Galicia (2014 - 2020) do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Estes datos foron achegados polo Equipo comarcal de Inclusión de As Pontes, que atende a persoas participantes dos 21 concellos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, a excepción da cidade de Ferrol. O persoal técnico do Equipo de Inclusión realiza unha intervención individualizada con plan de formación e inserción sociolaboral, orientado a persoas con difícil empregabilidade, e tendo preferencia, entre outros colectivos, as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Indicar que os datos expostos son relativos aos expedientes que causaron alta durante os anos de vixencia do II PIOMH, aínda que o número de persoas atendidas foi superior, xa que prodúcese a continuidade dos expedientes que foron dados de alta en datas anteriores.

#### EQUIPO COMARCAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

■ HOMES ■ MULLERES ■ TOTAL



\*Os datos de 2016 abranguen ata o 31 de agosto.


No relativo ao número de mulleres vítimas de violencia de xénero, indicar que no intervalo temporal 2010 a 2016 atendéronse **10 mulleres** derivadas prioritariamente ao Plan Galego de Inclusión Social (2007 - 2013) e da actual Estratexia de Inclusión Social de Galicia (2014 - 2020) por este motivo.



### ASESORAMIENTO E APOIO A EMPREENDEDORAS

O Concello de Fene presta asesoramento e apoio a persoas emprendedoras, é dicir a todas aquelas persoas que están pensando en crear a súa empresa. Para elo, pon a disposición da cidadanía información completa sobre:

- As formas xurídicas máis habituais para crear unha empresa.
- As axudas á creación de empresas.
- As axudas á contratación.



Respecto das axudas á creación de empresas por mulleres, dende o ano 2010 ao 2015 o Concello de Fene difundiu e promocionou a campaña institucional da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia no ámbito do autoemprego feminino: **Programa EMEGA**.

### ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO PANCHE ALLEGUE

No ano 1986 a Comisión de Servizos Sociais planificaba o primeiro proxecto de Escola Ocupacional, da que despois xurdían os primeiros cursos de Formación Ocupacional. No ano 1988 o INEM concedía a categoría de Centro colaborador e homologaba a maior parte das especialidades, creándose a comisión de Formación Ocupacional no organigrama do Concello de Fene. En 1993 a comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos do Estado en materia de xestión da Formación Profesional Ocupacional, sendo dende entón o Concello de Fene Centro Homologado para impartir formación ocupacional.

### ACCIÓNS FORMATIVAS

A continuación expóñense os datos comparativos correspondentes ás accións formativas desenvoltas pola Área de Formación e Emprego, durante o período de tempo de vixencia do II PIOMH ata a actualidade:



## 05. RESULTADOS DA AVALIACIÓN

### Análise por áreas temáticas de intervención

Igualdade na vida económica: emprego, formación e conciliación


Área 02

ANO	ACCIÓN FORMATIVA	HOMES	MULLERES	TOTAL
2010	ESCOLA OBRADOIRO V	22	6	28
	PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL: PARTICIPACIÓN NA ESPECIALIDADE EXPERTO EN LIMPEZA DE INMOBLES	8	6	14
	AULA PERMANENTE EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	13	0	13
	REDE XIANA 2. CURSO DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	0	8	8
	REDE XIANA 2. CURSO DE ACTIVIDADES DE MONITOR DE TEMPO LIBRE	0	2	2
2011	CURSO AFD DE PINTOR	15	0	15
	CURSO AFD DE TRABALLADOR/A FORESTAL	15	0	15
	REDE XIANA 2	18	0	18
2012	CURSO DE PINTOR PARA DESEMPREGADOS	15	0	15
	PIE ARTABRIA EMPREGA I	11	17	28
2013	PIE ARTABRIA EMPREGA II	14	14	28
	PROXECTO REDE XIANA 2. ESPECIALIDADE MONTADOR/A DE ESTRUTURAS METÁLICAS.	17	1	18
	CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO MANEXO DE MAQUINARIA FORESTAL. MANEXO PRÁCTICO DE MOTOSERRA E ROZADOIRA	20	1	21
	OBRADOIRO DE EMPREGO INICIA. ESPECIALIDADES: - OPERACIÓNS AUXILIARES DE ALBANELERÍA DE FÁBRICA E CUBERTAS. - ACTIVIDADES AUXILIARES E DE APOIO AO BUQUE EN PORTO.	17	5	22
2014	OBRADOIRO DE EMPREGO REINICIA. ESPECIALIDADES: - ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA. - ACTIVIDADES AUXILIARES E DE APOIO AO BUQUE EN PORTO. - ACTIVIDADES AUXILIARES DE AGRICULTURA.	15	6	21
2015	OBRADOIRO DE EMPREGO INICIA. ESPECIALIDADES: - FÁBRICA E MONTAXE DE INSTALACIÓNS DE TUBARIA INDUSTRIAL. - PINTURA INDUSTRIAL EN CONSTRUCCIÓN. - XARDINERÍA.	20	8	28
	FORMACIÓN EN PRIMEIROS AUXILIOS TRABALLADORES DO SECTOR AGROGANDEIRO	5	4	9
<b>TOTAL</b>		<b>225</b>	<b>78</b>	<b>303</b>



ALUMNADO TOTAL DAS ACCIÓNS FORMATIVAS 2010 - 2016

■ HOMES ■ MULLES ■ TOTAL



OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

FOMENTAR A INICIATIVA EMPRESARIAL E DE AUTOEMPREGO FEMININO, CONCENTRANDO OS ESFORZOS DO CONCELLO NAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS FEMININAS NOS SECTORES DE TRABALLO ARTESANAL, SERVIZOS AO FOGAR E ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES, QUE EN FENE SE VEÑEN DESENVOLVENDO TRADICIONALMENTE DE FORMA IRREGULAR.

- **Acción 2.1.** Realizar un estudo sobre a viabilidade da comercialización de produtos artesanais de elaboración maioritariamente feminina.

(Non constan accións)

- **Acción 2.2.** Desenvolver un programa integral de promoción de iniciativas empresarias de autoemprego nos sectores de traballo artesanal, servizos ao fogar e atención ás persoas dependentes que contemple accións formativas, asesoramento empresarial e axudas económicas.

- Formación especializada en xestión empresarial.

- Asesoramento e titorización do proceso de creación das iniciativas empresariais que se poidan crear (pequeno viveiro de empresas neste sector).

- Axudas e subvencións municipais e xestión municipal doutras axudas.

- Programa formativo para a adquisición de habilidades TIC.

(Non constan accións)





- **Acción 2.3.** Desenvolver un programa de promoción da creación dunha empresa de servizos de atención á infancia de Fene que contemple as seguintes accións:
  - Formación especializada en xestión empresarial.
  - Asesoramento e titorización do proceso de constitución da empresa.
  - Programa formativo para a adquisición de habilidades TIC.
  - Compromiso por parte do concello de garantir á empresa de recente creación a contratación dos seus servizos durante un tempo determinado para a prestación dun servizo público municipal de atención á infancia.(Non constan accións)
- **Acción 2.4.** Desenvolver anualmente un curso de asesoramento a outras iniciativas empresariais femininas xerais.

#### ANO 2011

##### ACTIVIDADE: SEMINARIO DE MOTIVACIÓN EMPRENDEDORA

BIC Galicia organizou e impartiu un seminario de 3 horas na Casa da Cultura para a difusión da creación de empresas.

O obxectivo desta sesión foi achegar ás persoas asistentes á realidade do mundo da empresa, valorizar a figura da empresaria/empresario e analizar o proceso que media entre a motivación, a xeración dunha idea e a súa conversión en empresa, destacando a importancia de elaborar un plano de viabilidade e dando a coñecer as ferramentas e axudas que teñen á súa disposición as persoas emprendedoras galegas.

A metodoloxía baseouse nas experiencias do Banco de Proxectos Empresariais de BIC Galicia - IGAPE, unha extensa base con cerca de 200 experiencias de emprendemento galegas.

**PROMOVE:** Concellería de Promoción Económica

**DATAS:** 14 de outubro de 2010.

- **Acción 2.5.** Programa formativo en adquisición de habilidades TIC para mulleres demandantes de emprego.
- (Non constan accións)



### OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

PROMOVER O ACCESO Á FORMACIÓN OCUPACIONAL DAS MULLERES CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS PARA A SÚA INSERCIÓN LABORAL.

- **Acción 3.1.** Analizar a situación formativa e laboral das mulleres de Fene que teñen dificultades específicas para a súa inserción laboral.

(Non constan accións)

- **Acción 3.2.** Desenvolver actividades formativas específicas para mulleres con dificultades de inserción laboral.

#### ANO 2011

##### **ACTIVIDADE:** FORMACIÓN EN BUSCA DE EMPREGO: TRABALLAR AQUÍ

Obradoiro de busca de emprego dirixido a mulleres inmigrantes extracomunitarias preferentemente vítimas de violencia de xénero.

Dita actividade estivo enmarcada dentro das accións a desenvolver en torno ao 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero e foi unha actividade cofinanciada polo Fondo Social Europeo e a Secretaría Xeral da Emigración da Presidencia da Xunta de Galicia.

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**DATAS:** 28 de novembro de 2011

- **Acción 3.3.** Programa formativo en adquisición de habilidades TIC para mulleres con dificultades específicas para a súa inserción laboral.

(Non constan accións)

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 4

DESENVOLVER SERVIZOS QUE CONTRIBÚAN Á CORRESPONSABILIDADE E A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL.

- **Acción 4.1.** Promover en colaboración cos centros educativos e as ANPA do Concello a apertura dos centros educativos en horario non lectivo.

(Non constan accións)



- **Acción 4.2.** Desenvolver unha campaña de sensibilización co obxectivo de que os homes asuman maiores responsabilidades no coidado doutras persoas (fillas e fillos e persoas dependentes) exercendo os dereitos que en materia de permisos contempla a normativa vixente.

**ANO 2010**

**ACTIVIDADE:** CAMPAÑA INSTITUCIONAL



Durante o ano 2010, o Concello de Fene apoiou a difusión da campaña institucional desenvolta pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia a favor da corresponsabilidade: **Podemos. Queremos.**

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**ANO 2014**

**ACTIVIDADE:** BEN. ESTAR COIDANDO. GUIA DE APOIO ÁS PERSOAS COIDADORAS NO EIDO DA DEPENDENCIA



Dende a Concellaría de Servizos Sociais e Igualdade preocupándose pola formación, o benestar e o apoio ás persoas cuidadoras de persoas dependentes do concello, editou no ano 2014 Ben.Estar Coidando: Guía Básica de Apoio a Persoas Cuidadoras non Profesionais, coa que se pretendeu proporcionar unha serie de coñecementos e consellos útiles aos cuidadores e cuidadoras para, nunha primeira parte aprender a coidarse, e nunha segunda axudar a sobrelevar os coidados e atencións cotiáns a unha persoa dependente.

**PROMOVE:** Área de Benestar e Igualdade

**DATAS:** Ano 2014

- **Acción 4.3.** Promover a creación dun Banco de Tempo Municipal.

(Non constan accións)



## ÁREA 03: EDUCACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

### OBXECTIVO XERAL

AUMENTAR O NIVEL DE SENSIBILIZACIÓN E O INTERESE DA POBOACIÓN FENESA SOBRE A IGUALDADE E CORRESPONSABILIDADE, VISIBILIZANDO E POSITIVANDO OS ROLES TRADICIONALMENTE FEMININOS.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

PROMOVER ENTRE O PERSOAL DO ENSINO UNHA FORMACIÓN DE CALIDADE EN TEMÁTICA DE XÉNERO E CORRESPONSABILIDADE.

- **Acción 1.1.** Realización de cursos específicos de coeducación, igualdade e prevención da violencia de xénero, dirixidos ao persoal docente.  
(Non constan accións)
- **Acción 1.2.** Creación dun programa de formación en coeducación dirixido ao persoal xeral dos centros de ensino no que se traballe a eliminación de estereotipos, prexuízos e roles asociados ao sexo.  
(Non constan accións)
- **Acción 1.3.** Elaboración e difusión dunha guía de coeducación de propostas concretas aplicables aos centros de ensino.  
(Non constan accións)
- **Acción 1.4.** Realización dunha campaña de concienciación que faga referencia a que calquera persoa, sexa cal sexa a súa función no ensino, pode influír na educación en igualdade do alumnado dos centros.  
(Non constan accións)
- **Acción 1.5.** Elaboración e difusión dunha guía de linguaxe non sexista específica para o ensino.  
(Non constan accións)



**OBXECTIVO ESPECÍFICO 2**

PROMOVER A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE COEDUCACIÓN DIRIXIDAS AO ENSINO E Á SOCIEDADE FENESA EN XERAL.

- **Acción 2.1.** Realización nos centros de ensino de actividades escolares específicas de coeducación, igualdade de xénero e corresponsabilidade.

**ANO 2010**

**ACTIVIDADE:** OBRADOIROS DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA EDUCACIÓN INFANTIL. CONTACONTOS POLA IGUALDADE



Contacontos de sensibilización, concienciación e prevención fronte ao tema da violencia de xénero e a igualdade. Desenvolvéronse 27 sesións, 3 para cada grupo de Educación Infantil dos cinco centros escolares de Fene (CEIP Plurilingüe O Ramo, CEIP Os Casais, CPI A Xunqueira,


CEIP de Centieiras e CPR Plurilingüe Jorge Juan) e 2 para cada unha das tres Escolas Infantís do Municipio (Galiña Azul, Garabatos e Jorge Juan)

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**DATAS:** Do 4 ao 27 de maio de 2010

**PARTICIPANTES:** 446 nenas e nenos de 2 a 6 anos.

**ALUMNADO PARTICIPANTE POR CENTRO ESCOLAR**





**ACTIVIDADE:** OBRADOIROS DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

Traballo en aula con contidos de sensibilización, concienciación e prevención fronte ao tema da violencia de xénero e a igualdade co obxectivo de establecer relacións equilibradas, solidarias e construtivas coas persoas, apreciando os valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana.


Desenvolvéronse tres sesións de dúas horas de duración nun total de 12 grupos de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria dos seguintes centros educativos: CEIP Plurilingüe O Ramo, CEIP Os Casais, CPI A Xunqueira e CEIP de Centieiras.

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**DATAS:** Do 25 de outubro ao 10 de decembro de 2010

**PARTICIPANTES:** 257 nenas e nenos de 7 a 12 anos.

ALUMNADO PARTICIPANTE POR CENTRO ESCOLAR



**ACTIVIDADE:** PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL PARA ADOLESCENTES: MÁIS CONVIVENCIA, MENOS VIOLENCIA

Obradoiros dirixidos ao alumnado de ESO cara a fomentar a resolución pacífica de conflitos e a mediación entre iguais. Total 11 sesións.

Adquisición e manexo de técnicas, habilidades sociais e estratexias para a resolución de conflitos de xeito pacífico.



**PROMOVE:** Plan de prevención de drogodependencias e promoción da saúde.

Subvención da Consellería de Sanidade

**DATAS:** Novembro e decembro de 2010

De xaneiro a marzo de 2011

**PARTICIPANTES:** Alumnado de 1º e 2º de ESO: 142 rapazas e rapaces.

Alumnado de PCPI: dous grupos de 15 rapazas e rapaces (13 rapaces e 2 rapazas)

Intervencións individualizadas: 17 (7 alumnas e alumnos: 6 rapaces e 1 rapaza)

Intervencións coas familias: 6 participantes

Avaliación: equipo directivo, orientadora, titor e técnica do concello: 6 participantes.

TOTAL: 169 PERSOAS

#### ANO 2012

**ACTIVIDADE:** DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: CONTACONTOS PREVINDO A DESIGUALDADE

Actividade desenvolta na Praza da Escola da Asociación Veciñal de Perlío, na que se desenvolveu un espectáculo lúdico e interactivo de contos para a poboación infantil e as súas familias.

O espectáculo desenvolveuno a actriz e contacontos Raquel Queizás e consistiu nunha serie de contos, actuacións e interpretacións na liña do fomento da igualdade, a corresponsabilidade e a visibilización de comportamentos sexistas e machistas cara a prevención da violencia de xénero.

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**DATAS:** 11 de marzo de 2012

**PARTICIPANTES:** 130 persoas de todas as idades.



ANO 2013

**ACTIVIDADE:** OBRADOIROS DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA EDUCACIÓN INFANTIL. CONTACONTOS POLA IGUALDADE

Contacontos de sensibilización, concienciación e prevención fronte ao tema da violencia de xénero e a igualdade. O reparto das tarefas domésticas, a corresponsabilidade e a coeducación, a eliminación dos estereotipos de xénero, entre outros foron os obxectivos e o groso das actuacións desta edición.


Desenvolvéronse 30 sesións para o alumnado de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe O Ramo, CEIP Os Casais, CPI A Xunqueira, CEIP de Centeiras, CPR Plurilingüe Jorge Juan e a EI A Galiña Azul.

**PROMOVE:** Servizo Municipal de Atención á Muller e Promoción da Igualdade

**DATAS:** Do 1 ao 29 de maio de 2013

**PARTICIPANTES:** 371 nenas e nenos de 2 a 5 anos.

ALUMNADO PARTICIPANTE POR CENTRO ESCOLAR



**ACTIVIDADE:** DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: TARDES IN FENE: OBRADOIRO GÚSTASME MOITO

In Fene créase co obxectivo de ofrecer a mocidade unha serie de actividades de lecer para as tardes dos venres nun intento de que as rapazas e rapaces pasen un momento agradable e divertido coa súa xente e con outras mozas e mozos.

Nesta ocasión, con motivo do Día Internacional da Muller,, os rapaces e rapazas de entre 12 e 14 anos participantes do programa, puideron participar nun obradoiro especial 8 de marzo sobre afectividade, Gústasme moito, desenvolveuse de 17:30 a 19:30 na AVV.de Perlío.





**PROMOVE:** Servizos Sociais.  
Subvención Deputación da Coruña.

**DATAS:** 8 de marzo

**PARTICIPANTES:** 15 rapazas e rapaces

#### ANO 2014

**ACTIVIDADE:** DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: DE PEQUES A MAIORES OCIO XUVENIL: MIRADA NOVA. PRESENTACIÓN E PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL CONTAMOS

Traballo audiovisual realizado integramente en Fene polos rapaces e rapazas do Programa de Ocio Xuvenil. Adolescentes guionistas, presentadores e presentadoras, enquisadoras e enquisadores, etc. Todo un reto que quedou plasmado no documental Contamos.

No documental análzase, dende á súa perspectiva xuvenil, entrevistas e enquisas de rúa realizadas a persoas anónimas, a persoal político e técnico do concello, ás forzas de seguridade, ao clero, etc. sobre temas de actualidade que preocupan á mocidade como son: a crise, as drogas, as relacións sexuais, o seu trato cos maiores e iguais, a igualdade, as redes sociais, etc.

**PROMOVE:** Servizos Sociais.  
Subvención Deputación da Coruña.

**DATAS:** 14 de marzo

**PARTICIPANTES:** 52 Rapazas e rapaces

**Participantes na elaboración directa do documental:**

12 participantes (8 rapazas e 4 rapaces)

- **Acción 2.2.** Realización de obradoiros de nais e pais nos que se traballen as temáticas de educación non sexista, relacións afectivo – sexuais, prevención da violencia de xénero e reparto de responsabilidades.

#### PROGRAMA DE PEQUES A MAIORES

O concello de Fene dende a Área de Benestar Social e Igualdade e subvencionado pola Deputación da Coruña, leva a cabo o proxecto De peques a maiores: compartindo espazos, no que se enmarca o programa de ESPAZOS FAMILIARES, que consta de dous espazos de intervención:



**A. ESPAZOS COMPARTIDOS**, constituídos por familias con fillas e fillos en educación primaria. A convocatoria desenvolveuse en grupos reducidos nos centros educativos de referencia.

**B. SUMA E SEGUE**, dirixidos a familias con fillas e fillos en educación secundaria e á poboación en xeral.

A finalidade das sesións dos **ESPAZOS FAMILIARES** foron:

1. Ofrecer ás familias un espazo de intercambio, diálogo e reflexión.
2. Proporcionar ás familias ferramentas para intervir sobre a desmotivación, fracaso ou absentismo escolar de seus fillos e fillas.
3. Establecer unha vía de conexión entre as familias, a escola e os servizos do concello.
4. Mellorar a comunicación e as pautas de resolución de conflitos dentro das familias participantes.
5. Dar a coñecer estratexias positivas e eficaces na educación dos seus fillos e fillas.
6. Posibilitar a consulta individual.

#### ANO 2013-2014

**ACTIVIDADE:** PROGRAMA DE PEQUES A MAIORES: ESPAZOS COMPARTIDOS

Os temas a tratar durante o curso 2013 - 2014 foron *o papel da familia no estudo, aprendizaxe e no crecemento dos nenos e nenas, así como no seguimento dentro dos grupos.*

**PROMOVE:** Servizos Sociais.  
Subvención Deputación da Coruña.

**DATAS:** Curso académico 2013 – 2014

**PARTICIPANTES:** 59 persoas

**ACTIVIDADE:** PROGRAMA DE PEQUES A MAIORES: SUMA E SEGUE

**PROMOVE:** Servizos Sociais.  
Subvención Deputación da Coruña.

**DATAS:** Curso académico 2013 – 2014

**PARTICIPANTES:** 45 persoas